



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Actualizacións das Tradicións Literarias e Culturais	Código	613584117	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Web	http://www.udc.gal/filo			
Descrición xeral	Estudo e análise crítica das tradicións e das transferencias literarias e culturais, incluíndo as vangardas modernas e os procesos actualizadores ou apropiadores dos espazos literario-culturais propios e alleos. Na sección de contidos figuran os asuntos específicos que serán tratados na materia.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Recoñecer os procesos históricos dos estudos literarios e culturais, describindo algúns dos trazos que supoñen unha mudanza de paradigma	AM8		
Propor e desenvolver unha investigación avanzada ofrecendo un enfoque orixinal e creativo sobre algún tema relacionado coa materia	AM3		CM5 C11
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (oralmente e por escrito) nos debates propios dos estudos literarios e culturais	AM6 AM8	BP7	
Aplicar os diferentes fundamentos ideolóxicos da análise cultural sen perder de vista o contexto	AM1 AM9		CM6
Incorporar a perspectiva transnacional aos estudos literarios	AI2		CM4
Desenvolver estratexias e técnicas que favorezan a negociación e a resolución de conflitos derivados de situacións complexas condicionadas pola diversidade cultural	AM5	BP2	
Interpretar as manifestacións literarias en relación con outros códigos culturais esenciais en cada período (pintura, cinema, música, banda deseñada etc.)	AM4 AM8		CM2
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM7 AM8 AM9		
Empregar a metodoloxía comparatista na análise da literatura, da arte e da cultura no ámbito galego-portugués	AM9 AI2		
Manexar argumentarios sólidos e complexos, que enlacen co estado da cuestión no ámbito internacional	AM4	BP3	CM4 CM5
Propor e realizar análises orixinais sobre problemas actuais nos ámbitos concretos da creación, da produción, da transmisión ou da recepción dos produtos culturais, artísticos e literarios	AM3 AM9		
Reaizar análises segundo os principios e os métodos propios das correntes teóricas máis relacionadas cos contidos da materia	AM4	BP3	CM2 CM5
Describir e analizar criticamente os procesos culturais na sociedade contemporánea	AM4 AI2		CM2
Acreditar o coñecemento e o manexo dos principais recursos bibliográficos, hemerográficos, bases de datos e repositorios dixitais sobre estudos literarios e da cultura no ámbito galego-portugués		BP1 BP5	C13

Contidos	
Temas	Subtemas
Tradición literaria e tradición cultural.	Tradición e tradicións. Tradición e canon. Tradición vs. ruptura. A tradición da ruptura. A invención da tradición.
Tradición e nación.	Tradición e literatura nacional. Tradición, historia e cultura no Rexurdimento.
Actualizacións da tradición.	Medievalismo/s: a literatura e a cultura medieval na Galiza contemporánea. Produtos e funcións. Popularismo/s: a literatura popular e as súas actualizacións.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	10	10	20



Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	4	20	24
Prácticas a través de TIC	A4 C2 C7 C6 C9	0	5	5
Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C2 C6	1	25	26
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballo cooperativo na aula sobre os textos e as lecturas proporcionadas no dossier da materia.
Lecturas	Realización das lecturas indicadas na guía docente e/ou na plataforma moodle.
Prácticas a través de TIC	Utilización dos recursos TIC para a xestión da información e para pesquisa académica.
Traballos tutelados	Realización do traballo titorizado sobre o asunto que se acordará coa profesora e presentación dos seus resultados por escrito e, eventualmente, de forma oral nas aulas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora orientará aos/ás estudantes na preparación das sesións de seminario e na realización do traballo titorizado.
Seminario	A orientación realizarase de forma individualizada e facilitaranse indicacións por escrito cando for preciso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A3 A6 A9 B4 C2 C6	Será valorado o proceso de realización do traballo titorizado e o seu resultado final, que será presentado oralmente e por escrito segundo as indicacións que serán proporcionadas no inicio das aulas.	50
Seminario	A1 A4 A6 A8 A9 B6 B8 B10 C7 C5	Será valorado o acompañamento da materia a través da entrega por escrito das conclusións do seminario.	25
Lecturas	A5 A6 A7 B5 C4 C9	Será valorada a súa realización a través da participación e das intervencións nas sesións presenciais.	25

Observacións avaliación
<p>1. OPORTUNIDADE DE XULLO Deberán ser presentadas/realizadas as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente de acordo coas indicacións específicas que a profesora dará logo de concluído o período de avaliación da primeira oportunidade.</p> <p>2. NON PRESENTADO Será considerado NON PRESENTADO/A o/a alumno que non presente o traballo titorizado.</p> <p>3. DISPENSA ACADÉMICA Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:</p> <p>1. Traballo titorizado (60%). 2. Lecturas (40%). 4. INDICACIÓNS XERAISAs datas e condicións específicas de cada elemento da avaliación serán establecidas no inicio do período de aulas. Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora en horario de titorías ou a través dunha mensaxe remitida a t.lopez@udc.gal.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Beramendi, Justo (2007). De provincia a nación. Historia do galeguismo político. Xerais: Vigo. Bhabha, Homi, dir. (2010). Nación y narración. Buenos Aires: Siglo XXI Argentina. Tradución de María Gabriela Ubaldini. Cunha, Carlos, ed. (2011). Escrever a nação: literatura e nacionalidade. Uma antologia. Guimarães: Opera Omnia. Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Xerais: Vigo. Figueroa, Antón (2015). ¿Literaturas minoritarias, autonomía e relacións interliterarias?. Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural. Santiago de Compostela: Laiovento, 81-95. Forcadela, Manuel (2013). Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra. As relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literatura galega contemporánea. Berlín: Frank & Timme. González Millán, Xoán (1998). ¿O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional. Achegas a un novo marco de reflexión?. Cadernos da lingua: 17, 5-24. González-Millán, Xoán (1994). ¿Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipótese de traballo para un estudio institucional da literatura galega?. Anuario de estudos literarios galegos, 67-81. Howbswaum, Eric e Terence Ranger, eds. (2002). La invención de la tradición. Barcelona: Crítica. Tradución de Omar Rodríguez. Máiz, Ramón (1997). A idea de nación. Xerais: Vigo. Mathews, David (2015). Medievalism. A Critical History. Suffolk: Boydell & Brewer Inc. Pereira, Paulo Alexandre Cardoso (2005). A Beleza Imortal das Catedrais. Afonso Lopes Vieira e a imaginação medievalista. Aveiro: Universidade. Disponível en http://hdl.handle.net/10773/2862. Romero López, Dolores, coord. (2006). Naciones literarias. Barcelona / Madrid: Anthropos / Universidad Complutense. Sanmartín Bastida, Rebeca (2003). La Edad Media y su presencia en la literatura, el arte y el pensamiento españoles entre 1860 y 1890. Madrid: Universidad Complutense. Thiesse, Anne M. (2000 [1999]). A criação das identidades nacionais. Lisboa: Temas e Debates. Tradución de Sandra Silva. Villares, Ramón (2017). Identidade e afectos patrios. Vigo: Galaxia.</p>
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ante calquera dúbida, recoméndase pórse en contacto coa profesora, en horario de titorías ou escribindo a t.lopez@udc.gal.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías